

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN (1) TRACTORISTA LIMPEZA DE PRAIAS, PERSOAL LABORAL FIXO DESCONTINUO, PRAZA INCLUÍDA NA OEP 2018 (EXECUCIÓN SENTENZA)

Na Casa Consistorial do Concello de Rianxo, ás 9:30 horas do día 24.03.2022, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas convocadas polo Concello de Rianxo mediante Resolución de alcaldía nº 1048/2021 de 14.12.2021 para a SELECCIÓN DUN (1) TRACTORISTA LIMPEZA DE PRAIAS, PERSOAL LABORAL FIXO DESCONTINUO, PRAZA INCLUÍDA NA OEP 2018 (EXECUCIÓN SENTENZA.

Preside a sesión dona M^a Loreto López Fernández, secretaria do Concello de Malpica de Bergantiños, e asisten como vogais: M^a Loreto López Fernández

1º Vocal: María Isabel Pena Barca, funcionaria de carreira do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación Provincial da Coruña.

2º Vocal: Víctor Ramón Anllo Riveiro, funcionario do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación Provincial da Coruña)

3º Vocal: Jose Julio Vila Feal , laboral fixo do Concello de Paderne.

A Presidenta declara constituído o Tribunal. Acto seguido procédese á confección do exame correspondente á Fase de Oposición, consistente nun cuestionario tipo test de 40 preguntas con cinco de reserva.

Acto seguido o Tribunal se despraza ao Centro Sociocultural do Auditorio de Rianxo, aos efectos de celebrar a 1ª proba da Fase de Oposición.

Sendo ás 10:30 horas, por parte da Presidenta do Tribunal procédese ao chamamento dos aspirantes pola letra designada na base 8.1 (letra V), presentándose os seguintes aspirantes:

1. Vaamonde Rois Manuel Jesús.
2. Manuel Vidal Somoza

A Presidenta dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 15 de decembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 237 a convocatoria para o proceso de selección dun (1) tractorista limpeza de praias, persoal laboral fixo discontinuo, praza incluída na oep 2018 (execución sentenza); no DOG núm. 243 de 21.12.2021 e no BOE núm. 304 de 21.12.2021

Segundo: o prazo para a presentación de candidaturas foi de vinte días naturais tal e como establecen as bases.

Terceiro: o tribunal da conta do establecido nas bases ao respecto da fase de oposición e indica que terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Cuarto: o día 10.03.2022 a Alcaldía aprobou, mediante a Resolución núm. 186/2022, as listaxes

definitivas de aspirantes admitidos e excluídos correspondentes ao proceso de selección; e convocáronse para que acudiran o día 24 de marzo de 2022 ás 10.30 horas, ao Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo, para realizar a proba teórica contemplada no proceso de selección.

Ás 10:50 horas iníciase a proba escrita que rematará ás 11:35 h, segundo o establecido nas bases de 45 minutos.

Ao remate da proba, o Tribunal trasládase ás dependencias da Casa do Concello e inicia as correccións dos exames.

Os resultados obtidos son os seguintes:

APELIDOS E NOME	PROBA TEÓRICA	APROBADO
Vidal Somoza, Manuel	10,35 puntos	SÍ
Vaamonde Rois, Manuel J.	10,00 puntos	SÍ

Acto seguido tribunal inicia entón as valoracións da documentación presentada polas persoas aspirantes que superaron a fase da oposición e o resultado que se obtén na fase de CONCURSO é o seguinte:

APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA	FORMACIÓN	CARNÉ CONDUCIR	TOTAL
Vidal Somoza, Manuel	5,92	0	0	5,92
Vaamonde Rois, Manuel J	0	0	0,50	0,50

O tribunal decide volver a reunirse o día **07.04.2022**, ás 9:00: horas para facer á 2ª Proba da Fase de Oposición consistente nunha Proba Práctica de carácter obrigatorio e eliminatoria a celebrar **ás 10:15 h** no Almacén municipal sito na Carballeira-Rianxo.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:00h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do Tribunal, do que eu como secretaria dou fé.